

DOCUMENTO ADMINISTRATIVO DE FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN DOS POSTOS VACANTES NOS MERCADOS DE MARÍN E DE SEIXO (LOTE 7, POSTO 1224)

En Marín, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS:

Dunha parte, Dona María Ramallo Vázquez, Alcaldesa-Presidenta do Ilmo. Concello de Marín, que intervéen en nome e representación legal da Corporación Local, no uso das facultades que lle confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, e o artigo 21.1 b) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, asistida polo Secretario Acctal. da Corporación, don Alberto Pensado Seijas, que dá fe deste acto.

Doutra parte, D. Sebastián Portas Molino, maior de idade, provisto do D.N.I. ***6212**.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade legal necesarias para outorgar o presente documento administrativo de formalización da concesión administrativa do uso privativo dos postos e bancadas vacantes da Praza de Abastos de Marín e do Mercado de Seixo.

EXPOÑEN

I. Que pola Sra. Alcaldesa do Concello de Marín, con data 9 de novembro de 2023, incóase expediente para a concesión administrativa do uso privativo dos postos e bancadas vacantes da Praza de Abastos de Marín e do Mercado de Seixo, bens de dominio público municipal, con destino á venda de produtos alimentarios.

II. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2023, aprobouse o expediente para a licitación, mediante poxa e licitación electrónica, da Concesión administrativa por un prazo de cinco anos dos postos vacantes nos mercados de Marín e Seixo seguintes:

- Praza de Abastos de Marín: 1012, 1144, 1224 e 1316.
- Mercado de Seixo: Posto 1, Posto 2, Posto 6 e Posto 8.

III. En data 6 de febreiro de 2024 (corrección de erros de data 7 de febreiro de 2024), mediante Resolución de Alcaldía, accedeuse á solicitude da titular do local número 1324, de permuta polo posto 1316, pasando a declararse deserto o local con número 1324.

IV. En data 25/03/2024 ditouse Providencia de Alcaldía, dispoñendo o inicio da tramitación para a modificación do expediente para a licitación, mediante poxa e licitación electrónica, da Concesión administrativa dos postos vacantes nos mercados de Marín e Seixo.

V. En data 11/04/2024, aprobouse o expediente de licitación, así como o prego que rexe a concesión, publicándose anuncio de licitación en data 25/04/2024 no BOPPO nº 81, así como na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de 30 días hábiles para a presentación de proposicións.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001467930009T5G0F2Q3C6 en https://sede.concelloedemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2023SE068-004
	SEBASTIAN LUIS PORTAS MOLINO-Adxudicatario - 12/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/08/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/08/2024 12:20:24	Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



VI. Con data 17/06/2024 reúnese a Mesa de contratación para a celebración do acto de apertura dos arquivos electrónicos “A” e “B” e formula proposta de clasificación das ofertas recibidas, e de adxudicación da explotación dos postos 1224 e 1324 do mercado de Marín, excluíndose da licitación a Lucas Alberto Jose Guajardo, por non cumprir a documentación presentada os requisitos establecidos nos pregos, ao non achegar resguardo da constitución de garantía provisional. Nos demais postos declárase deserta a licitación ao non presentarse ningunha oferta.

VII. En data 19/06/2024 requírese o licitador Sebastián Portas Molino, para presentar a documentación requirida para a adxudicación. En data 03/07/2024 preséntase a documentación requirida.

VIII. Emitido informe favorable polo servizo de intervención, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/08/2024 adxudícase a Sebastián Portas Molino a concesión demanial para o uso privativo do posto 1224 na Praza de abastos de Marín.

Á vista do exposto, ambas partes

ACORDAN

PRIMEIRO.- Que D. Sebastián Portas Molino, con D.N.I. ***6212** adquire o dereito a explotar o **POSTO Nº 1224** da Praza de Abastos de Marín, cunha superficie de 3,30 m², durante o prazo de 5 anos, con estrita suxeición ao prego de condicións que serviu de base para a adxudicación da presente concesión e ás condicións contidas na oferta presentada polo adxudicatario, sempre que non contradigan as prescricións do prego, documento contractual que acepta plenamente, do que deixa constancia asinando un exemplar deste, como proba de conformidade co mesmo.

Esta autorización outórgase salvo os dereitos particulares e sen prexuízo do dereito de terceiros.

A concesión municipal de ocupación do posto de venda non inclúe a autorización para o exercicio do comercio, este dereito deberán adquirilo os concesionarios mediante o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa de aplicación.

En todo caso, as actividades haberán ser compatibles coas características dos postos e coa súa localización, debendo obterse pola persoa concesionaria, antes da posta en funcionamento do posto, as oportunas licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas, de conformidade coa normativa aplicable, achegando memoria descritiva da actividade a desenvolver no posto, acompañada dos demais documentos que foran necesarios. É responsabilidade das persoas concesionarias a obtención de tales autorizacións que se tramitarán segundo a normativa que proceda.

SEGUNDO.- O canon satisfeito por D. Sebastián Portas Molino ascende a 1.250,00 euros. Dito canon constitúe a contraprestación polo uso e explotación privativa do posto.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001467930009T5G0F2Q3C6 en https://sede.concello demarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2023SE068-004
	SEBASTIAN LUIS PORTAS MOLINO-Adxudicatario - 12/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/08/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/08/2024 12:20:24	Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



TERCEIRO.- A presente concesión outórgase por un prazo improrrogable de cinco (5) anos, a contar a partir da data da sinatura deste documento de formalización.

CUARTO.- Ao término do prazo da concesión as persoas concesionarias cesarán na utilización privativa dos bens obxecto da concesión, e as obras, instalacións, e explotación dos postos reverterán automaticamente ao concello libres de cargas e en perfecto estado, de acordo co establecido no artigo 131 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e LCSP.

A Administración Municipal ostentará a potestade de acordar e executar por si o lanzamento.

As obras e instalacións obxecto de reversión deberán encontrarse en perfectas condicións de uso.

Un ano antes do vencemento do prazo da concesión, a Administración municipal poderá designar un/ha técnico/a municipal, quen viviará a conservación das obras e instalacións e propondrá as reparacións e reposicións necesarias para mantelas nas condicións debidas.

A Administración estará en todo caso facultada para resolver a concesión antes do seu termo, se o xustifican circunstancias sobrevidas de interese público, logo de resarcimento dos danos causados á persoa concesionaria.

As obras e instalacións fixas que se realicen no posto, quedarán ao termo da concesión de propiedade municipal, afectadas a servizo público sen dereito a indemnización. Se a persoa titular do posto renunciase á súa concesión antes do termo desta, non terá dereito a resarcimento ningún sobre o prezo do canon pagado pola concesión.

QUINTO.- A concesionaria terá concertada unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubre o risco consistente nas responsabilidades que puideran derivarse da concesión.

Esta póliza deberá manterse en vigor durante toda a vida da concesión, podendo substituírse por outras que manteñan as mesmas coberturas que a aportada previa autorización municipal.

SEXTO.- A concesionaria ten constituída unha garantía de 37,50 euros, correspondente ó 3% do valor do dominio público ocupado polo posto, para responder do adecuado cumprimento das súas obrigas, segundo estes pregos e o regulamento do mercado, así como das sancións que puideran imporse segundo este último. Isto sen prexuízo da esixencia das cantidades que, resultantes do anterior, non puideran ser satisfeitas con cargo a tal garantía, que poderán ser obtidas pola vía administrativa de constrinximento.

SÉTIMO.- Constitúen deberes do adxudicatario os previstos nos pregos da convocatoria, entre os que cabe salientar os seguintes:

- Os concesionarios someteranse ao disposto na Ordenanza Reguladora de Mercados Municipais vixente, e as que en dita materia se aproben no futuro, así como as modificacións que se produzan das mesmas.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001467930009T5G0F2Q3C6 en https://sede.concello demarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2023SE068-004
	SEBASTIAN LUIS PORTAS MOLINO-Adxudicatario - 12/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/08/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/08/2024 12:20:24	Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



- Ademais das obrigas contidas na Ordenanza Reguladora vixente de Mercados Municipais, as persoas titulares adxudicatarias que utilicen os postos de mercados estarán obrigadas:

- a) Ao pago de todas as taxas, impostos e prezos públicos que graven ou poidan gravar tanto os locais como o exercicio da actividade que se desenvolva e, en concreto, a taxa por prestación do servizo de mercado segundo as tarifas previstas na Ordenanza Fiscal que estea vixente.
- b) Exercer ininterrompidamente, durante as horas sinaladas, a súa actividade comercial. En caso de enfermidade, vacacións ou outros motivos xustificados, o titular deberá solicitar dispensa de apertura de posto.
- c) A efectuar diariamente a limpeza do seu posto, procurando que estea en óptimas condicións hixiénico-sanitarias.
- d) Conservar en bo estado o posto que ocupa e usalo só para a venda das mercancías autorizadas, sen poder cambiar a outro xénero de vendas sen autorización previa.
- e) Exhibir, cando a autoridade por medio dos seus axentes así o requira, os recibos xustificantes do IAE, auga potable, fluído eléctrico, taxas municipais, alta na Seguridade Social ou seguro de autónomos, carné de manipulador de alimentos, así como factura ou albará xustificativo da procedencia dos produtos.
- f) Os postos que pola súa condición e xénero de venda o requiran serán provistos dunha vitrina frigorífica co obxecto dunha mellor conservación dos produtos.
- g) Todos os artigos terán exposto no lugar visible o seu prezo por unidades ou quilogramos, no seu caso.
- h) A realizar ó seu cargo as obras, instalacións e outras esixencias nos postos de mercado, que veñan impostos polas normas de carácter estatal, autonómico ou local que entren en vigor durante a vixencia da adxudicación do posto.
- i) Todas as persoas adxudicatarias de postos de venda están obrigadas a subscribir os seguros necesarios para salvagardar a conservación do posto e os seus produtos.
- j) A subministración de luz, auga, teléfono, etc. de cada posto, será por conta das persoas adxudicatarias, e serán responsables das súas deficiencias.
- k) Non provocar actos ilícitos nos prezos nin no peso, no seu caso.
- l) Ter follas de queixas e reclamacións, reguladas polo Decreto 375/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as follas de reclamación dos consumidores e usuarios (DOG 6/1999, de 12 xaneiro 1999), a disposición do consumidor que as solicite, e estar debidamente anunciado a través do cartel a existencia das mesmas.
- m) Ter talonarios de facturas numeradas.
- n) Indemnizar os danos e perdas que se causaran aos bens, ao uso xeral ou servizo ó que estiveron destinados.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001467930009T5G0F2Q3C6 en https://sede.concelloedemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>SEBASTIAN LUIS PORTAS MOLINO-Adxudicatario - 12/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/08/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/08/2024 12:20:24</p>	<p>EXPEDIENTE : 2023SE068-004 Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	---



- o) Indemnizar a terceiros polos danos que poidan producir durante a prestación do servizo, excepto que se orixinaran por actos realizados en cumprimento durante a súa vixencia, nin gravalos sen a previa tramitación municipal.
- p) Non allear, ceder ou traspasar directamente os bens afectos á concesión durante a súa vixencia, nin gravalos sen a previa autorización municipal.
- q) Pagar os gastos propios da tramitación notarial da escritura pública, se esta se outorgara.
- r) O/a concesionario/a está obrigado/a a indemnizar calquera prexuízo que se cause ao concello polo non cumprimento dalgunha das obrigas establecidas.
- s) A abandonar e deixar libres e vacuos, a disposición do Concello, dentro de prazo, os bens obxecto da utilización, recoñecendo a potestade deste para acordar e executar por si o lanzamento.
- t) Disporán dos certificados de D.D.D. (desratización, desinfección e desinsectación).
- u) Ao cumprimento das obrigas derivadas da normativa de consumo vixente.

SÉTIMO.- Son dereitos da persoa adxudicataria:

- a) Toda persoa titular adxudicataria de calquera posto do mercado, ten dereito a utilizar os bens públicos municipais necesarios e que lle foron autorizados para realizar as súas actividades en debidas condicións.
- b) As persoas titulares adxudicatarias, terán dereito a efectuar obras de reparación ou reforma nos seus respectivos postos. As obras solicitadas non deben romper a harmonía nin as liñas arquitectónicas do posto, e deben comprometerse a deixalo en idénticas condicións en que lle foi adxudicado.
- c) Percibir as contraprestacións correspondentes polo exercicio da súa actividade.

OITAVO.- A transmisión da concesión procederá de conformidade co sinalado no art. 8º do Regulamento dos Mercados municipais de Abastos do concello de Marín.

A transmisión será autorizada expresamente e con carácter previo pola Administración municipal.

As cesións efectuadas con vulneración do réxime establecido no referido artigo, sen prexuízo da responsabilidade do/a concesionario/a, non prexudicarán nin terán efectos respecto á Administración municipal, aínda cando se decatase destas.

NOVENO.- A concesión extinguirase polas seguintes causas:

- a) Morte ou incapacidade sobrevida da persoa usuaria ou concesionaria individual ou extinción da personalidade xurídica.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001467930009T5G0F2Q3C6 en https://sede.concello demarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2023SE068-004
	SEBASTIAN LUIS PORTAS MOLINO-Adxudicatario - 12/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/08/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/08/2024 12:20:24	Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



- b) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica da persoa usuaria ou concesionaria.
- c) Caducidade por vencemento do prazo.
- d) Rescate da concesión, previa indemnización, ou revogación unilateral da autorización determinada por razóns de interese público.
- e) Mutuo acordo.
- f) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.
- g) Desafectación do ben, nese caso procederase á súa liquidación conforme o previsto no artigo 102 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- h) Por renuncia da persoa titular aceptada pola Administración.
- i) Por perda física ou xurídica do ben sobre o que se outorgara.
- j) Por resolución xudicial.
- k) Por efectuar obra sen o previo permiso municipal, ou non realizar as necesarias para a conservación do mesmo.
- l) Cando a persoa concesionaria non dea cumprimento ás ordes recibidas do Concello para a realización de obras que a xuízo do persoal técnico competente e previo informe deste sexan necesarias para a conservación e/ou decoro do posto.
- m) Por ser reincidente en contravir as disposicións da Ordenanza Municipal de Mercados.
- n) Por ter o posto pechado por espazo de dous meses no período dun ano, sen causa xustificada a xuízo do Concello, salvo o caso de que a persoa concesionaria tivera dita autorización.
- o) O incumprimento dos requisitos hixiénico-sanitarios contemplados na Ordenanza Municipal de Mercados e demais exixibles pola lexislación aplicable, no referente tanto a instalacións como aos produtos obxecto de venda.
- p) A demora no pago do canon ou taxa establecida na Ordenanza Fiscal por máis de tres meses, ou de calquera obrigas fiscais que teña contraída pola súa condición de comerciante, previo requirimento da Administración.
- q) A cesión total ou parcial da concesión sen previa autorización municipal.
- r) Por incumprimento das cláusulas do presente Prego de Condicións para a adxudicación.
- s) Por vender artigos de ramo distinto ao consignado na adxudicación ou cambiar a especialidade de venda, aínda dentro do mesmo ramo, sen obter a previa autorización municipal.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001467930009T5G0F2Q3C6 en https://sede.concellodeamarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2023SE068-004
	SEBASTIAN LUIS PORTAS MOLINO-Adxudicatario - 12/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/08/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/08/2024 12:20:24	Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



- t) Por non estar ao corrente no pago aprazado correspondente a tres meses.
- u) No caso de que a persoa concesionaria incorra en falta moi grave das tipificadas na Ordenanza Municipal de Mercados.

DÉCIMO.- A concesión demanial, das previstas no art. 78.1.a) do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/86, de 13 de xuño (RBEL) e no art. 93 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Xa que logo, ten natureza de contrato privado e rexerese pola lexislación do patrimonio das Administracións Públicas, que teña o carácter de plena ou básica (preceptos correspondentes da LPAP, que a súa Disposición Final declara básicos, e do RD 1373/2009; a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), no que atinxe ó réxime de competencias dos órganos municipais; pola lexislación básica local (Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBEP), e preceptos que teñan tal carácter do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL); a Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, o Real Decreto 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL), o Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos e o presente prego de cláusulas administrativas.

Acudirase supletoriamente ós restantes preceptos da LPAP e do RD 1373/2009, na medida en que poidan aplicarse a administracións distintas da estatal, e consideraranse os principios da LCSP para resolver as dúbidas que se poidan presentar.

A lexislación contractual administrativa aplicarase sempre con carácter supletorio de toda a normativa anterior e do disposto neste prego, e sempre que non a contradiga e sexa compatible coa natureza da concesión. Finalmente, acudirase ó Código Civil.

O desenvolvemento da actividade en concreto adaptarase á normativa técnica e sectorial de aplicación.

En todo caso, a concesión outórgase a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Os concesionarios sométense expresamente á devandita normativa.

E para que así conste, asíñase o presente, na data arriba indicada.

A alcaldesa-Presidenta
María Ramallo Vázquez

O Adxudicatario
Sebastián Portas Molino

Dá fe,
O Secretario Acctal.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001467930009T5G0F2Q3C6 en https://sede.concellodemarín.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2023SE068-004
	SEBASTIAN LUIS PORTAS MOLINO-Adxudicatario - 12/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/08/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/08/2024 12:20:24	Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL





Avda. De Ourense, s/n – 36900 Marín
986 88 03 00 | concellodemarin.es

Informe de Secretaría

Expte.: 2023/SE068-004

Concesión dos Postos Vacantes nos
Mercados de Marín e de Seixo.

Alberto Pensado Seijas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

8 de 8

CSV: 07E8001467930009T5G0F2Q3C6

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001467930009T5G0F2Q3C6 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA SEBASTIAN LUIS PORTAS MOLINO-Adxudicatario - 12/08/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/08/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/08/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/08/2024 12:20:24	EXPEDIENTE : 2023SE068-004 Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	---	--

